



Análise socio-hermenéutica dos imaxinarios sobre a realidade social do centro de Galicia

Juan R. Coca* e Milton Aragón**
juancoca@soc.uva.es

Resumo. Neste artigo analízase un texto de Manuel Porto Verdura (MPV). Orixinario de Terreboreda e migrante a Cuba, MPV amosa unha ollada particular da situación social próxima á zona da Estrada. Faise unha investigación dos imaxinarios sociais a través dunha análise do contido e dunha análise socio-hermenéutica.

Abstract. In this article it is making an analysis of one text write by Manuel Porto Verdura. This man was born in Terreboreda and he is a migrant to Cuba. MPV show a particular vision of the social situation near to A Estrada. It is making a research of social imaginaries through the content analyse and the socio-hermeneutic.

Introdución

O estudo dos imaxinarios sociais ten unha importancia sobranceira para analizar a percepción que as persoas teñen do noso país. Nesta ocasión tivemos a oportunidade de estudar os papeis mecanografados que Manuel Porto Verdura fixo chegar a Neira Vilas e este grande escritor cedeu ao museo Manuel Reimóndez Portela (A Estrada). No legado de Porto Verdura amósase cunha ollada crúa e espida as lembranzas que este home ten da Galicia de comezos do século XX.

Manuel Porto Verdura (MPV de agora en diante) naceu en Terreboreda (no nomenclátor consígnase como Torreborredo), unha pequena parroquia ao sur da Estrada, San Andrés de Souto. Este home emigrou a Cuba aos 17 anos e foi unha persoa que non tivo moitos estudos, aínda que sempre presentou un grande interese polo coñecemento e a lectura. Froito diso MPV foi un observador

* GIR trans REAL lab – Universidad de Valladolid (España). Dpto. Socioloxía e Traballo Social. juancoca@soc.uva.es

** Benemérita Universidad de Puebla (México)

incansable e tivo o interese de poñer en papel as súas lembranzas. No fondo Manuel Porto Verdura da fermosa xoia que temos na Estrada –o Museo Museo Manuel Reimondez Portela– podémosnos topar os escritos deste particular galego en Cuba. Todo isto fai que as súas lembranzas nos permitan achegarnos a unha narrativa do xeito de vida do rural galego de comezos do século XX.

O obxectivo deste traballo é o de detectar os imaxinarios que, dun xeito subxectivo e persoal, se amosan nos escritos do migrante a Cuba MPV. Este home expón con moito detalle cal era a realidade social da Galicia de comezos do século XX. Amais diso consideramos que ten un grande interese estudar os elementos imaxinarios que mantén na súa memoria, logo de moitos anos de vida. Isto fai que teña especial relevancia estudar os textos nos que fala dos seus primeiros anos.

Os datos que poida amosar MPV da realidade social galega poden estar alterados pola vida posterior e polo funcionamento neuronal que fai que tendamos a eliminar as lembranzas negativas da nosa memoria. Por mor diso as situación que son descritas no seu legado semella que poderían provocar un gran impacto na súa mente. O que nos fai pensar que poidan representar un mapa aproximado, e polo tanto imaxinario, da realidade social do centro de Galicia.

Metodoloxía

Neste traballo faremos un estudo hermenéutico das primeiras páxinas dos escritos de MPV. Concretamente fixarémonos nos primeiros once anos da súa vida. Para iso empregamos a metodoloxía desenvolvida por Coca e Valero (2010) ou por Coca (2014) na que dende a perspectiva convencional da análise hermenéutica –baseada na tripla autor, texto e lector– poderemos coñecer os elementos subxectivos e imaxinarios da narrativa desta persoa. Nesta tripla o autor é identificado como o elemento unívoco, obxectivo. Isto relaciónase cós elementos imaxinarios menos creativos e máis estáticos, moi presentes na ciencia, nas matemáticas, etc. Pola outra banda, en troques, estaría o aspecto máis subxectivo, o lector. Nel imperan os aspectos difusos e dinámicos. No último lugar estaría o texto que

pode chegar a ser identificado co elemento máis analóxico, o que o subxectivo e o obxectivo entran en xogo e operan conxuntamente.

Nunha primeira análise estableceremos un conxunto de tres categorías imaxinarias básicas nas que se vai estruturando o discurso. Estas tres categorías imaxinarias de significación discursiva van estar moduladas en función dos axentes que operan no proceso hermenéutico; é dicir o autor, o texto e o lector modulados polo contexto social. Deste xeito será posible facer una codificación adecuada a unha análise social. Agora ben cómpre ter en conta que a nosa metodoloxía ten un claro punto analóxico (prudente) polo tanto tentaremos coñecer os elementos máis analóxicos de MPV.

Unha vez que teñamos estes datos establecidos poderemos configurar unha matriz de significación que, a un tempo, nos poida permitir, en posteriores traballos, establecer unha análise comparativa. Para iso cuantificaremos, relativamente, o discurso empregando para elo a lóxica fuzzy que emprega a cuantificación para manexar analíticamente elementos de non cuantificación do tipo: pouco, bastante, moito... Cada un destes elementos tomará un valor. Así: nada=0; pouco/ocasional=2,5; medio/bastante=5; moito/habitual=7,5; sempre=10. Deste xeito seremos quen de facer unha matriz hermenéutica de utilidade comprensiva.

Análise categorial¹

MPV desenvolve unha descrición moi detallada do espazo xeográfico da súa aldea, dos montes, etc. Por exemplo:

Dentro del sistema montañoso de Rivela Codeseda, Souto, Montillón y Arca, florece el pródigo valle, del Río Umia; todas las cuencas tributarias de esas cumbres, prodigan sus aguas a ese río; y, debido a esas circunstancias orográficas, cuando ya el Umia transborda las serranías del Arca, rumbo a Cambados, su cauce se ensancha, las aguas crugen, los remansos son profundos; y al desembocar sus aguas en la villa de Cambados, forma la preciosa ría, que ornamenta y embellece, esos topónimos (MPV, pax. 1-2).

1 As páxinas nas citas de Manuel Porto Verdura fan referencia ao paxinado feito polo propio MPV.

Este aspecto, tan relevante no xeito de desenvolver o coñecemento en Galicia (Coca, 2016), ocupa un lugar moi destacado nos textos de MPV. Cando fala dos diferentes elementos que lembra expón con detemento o contexto xeográfico-espacial dos mesmos. Na análise hermenéutica faremos unha análise con detalle desta categorías de significación pero polo de agora podemos indicar que existe un contexto xeográfico-espacial imaxinario de grande relevancia na narrativa deste migrante.

En segundo lugar destacan os elementos imaxinarios de dó, de sufrimento e negativos. A meirande parte da significación relacionada coa súa vida ou coa súa familia está chea de morte, de desgrazas, de sufrimento, etc. Por exemplo:

Malamente, recuerdo una triste escena, cuando tenía, los cuatro años. Una niña, muy pobre, hija de madre soltera y abandonada por ésta, quedó al cuidado de dos ancianos, que la atendían. En un descuido de éstos, cayó al pozo, pereciendo ahogada, entre sus aguas profundas. El anciano desvalido, creyéndola con vida, se deslizó por la roldana; mas, era ya tarde. Imposibilitado de subir, el pobre viejo, clamando, desde lo profundo, pedía auxilio. Agarrado de la soga extrajeron al octogenario, trayendo entre sus brazos el cadáver de la niña. El rostro inerte de aquella desventurada criatura, las exclamaciones del anciano pidiendo ayuda, desde lo hondo... conmovieron mis sentimientos, mi ego, mi vida interna. (MPV, pax. 6)

O sufrimento semella codificar os elemento imaxinarios dos primeiros anos da vida de MPV. Este elemento de significación pódese topar doadamente na cultura galega, por exemplo en Rosalía, Manuel María, Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo, Castelao, Rof Carballo, García Sabell, etc.

Un terceiro elemento categorial importante que configura o mundo galego dende os ollos de MPV é a familia. As relacións afectivas, o cariño da avoa e da nai, o pouco afecto ao pai e a non presenza del no día a día. Isto foi marcando a ollada que o rapaz tiña da súa aldea e das relacións persoais. As irmás semella que tamén influíron na incorporación de MPV ao seminario. Poñamos un exemplo:

Lúego, supe que mis dos progenitores, habían discutido, a sólas, acerca de mis destinos, de mi carácter innato y sobre mis características sentimentales. Yo vivía siempre impresionado, ante el misterioso mundo que mi padre llevaba

adentro. En mis pocos años, llegué a pensar que, en la encrucijada de dos mundos contradictorios, entre nosotros los dos, jamás existiría, la forma de comprendernos. En la presencia de él, lejos de observar, armonía y comprensión, un temor inexplicable, batía mi ego interno. (MPV, pax. 7)

A derradeira categoría que temos que analizar é a da escola. Nos primeiros anos da vida de Porto Verdura, as mudanzas na escola ou os mestres que formaron parte da súa vida supoñen unha parte moi destacada nos primeiros anos da vida desta persoa. De facto, dende o seu forte condicionante xeo-descriptivo amósanos os elementos da escola, pero toman un valor sobranceiro os mestres. Algún deles son nomeados constantemente polo alcume. Poñamos un exemplo:


El “Bufandas”, era, realmente, un eficiente maestro, de acuerdo a las normas pedagógicas de aquellos tiempos. Hombre piadoso y de cultos, poseía extensos conocimientos sobre: la historia del cristianismo, la vida, los hechos de los apóstoles; de éstos, enfatizaba, sobre la vida y la obra de los cuatro evangelistas: Marcos, Juan, Lucas, Mateo, exéjetas idealistas de la cuestionada vida de un hombre, denominado, el Mesías o el Cristo. (MPV, pax. 9)

O devandito lévanos a considerar a existencia dun tetracódigo que opera constantemente na obra de MPV e vai tecendo unha matriz imaxinaria que pode axudar a comprender a percepción individual e colectiva da Galicia de comezos do século XX. Este tetracódigo vaise ir modulando –a través dunha estrutura topográfica– dun xeito máis extremo ou menos segundo os condicionantes do contexto e as lembranzas de MPV. Este tetracódigo, en base á importancia que teña e as características do texto (códigos) de Manuel Porto Verdura, presentará unha imaxe topográfica concreta do imaxinario obxecto de estudo. Esta imaxe topográfica (gráfico 1) axudará a facer comparacións e análises diferenciais dos imaxinarios. Agora ben, a nosa perspectiva é fondamente analóxica ou prudente, por mor diso consideramos que o eixo que nos vai permitir analizar a medida (e polo tanto a virtude) do texto será a analoxía.

Cómpre salientar que neste artigo estamos a estudar os elementos imaxinarios presentes nos manuscritos de MPV e tentando, dende alí, coñecer os imaxinarios colectivos que operaban no noso país a comezos do século XX. Non temos interese, polo tanto, en debullar polo miúdo os elementos realistas no discurso do noso autor. Isto ten

moita importancia para que ninguén se engane á hora de se achegar a este texto.

GRÁFICO 1: Esquema xeral explicativo da imaxe topográfica.



FONTE: Elaboración propia.

Análise socio-hermenéutica

O espazo

TERMO	COINCIDENCIAS	PORCENTAXE
Aldea(s)	45	0,77%
Río(s)	31	0,53%
Casa(s)	18	0,31%
Terreboredo	14	0,24%
Vales(s)	10	0,17%
Souto(s)	10	0,17%

FONTE: Elaboración propia.

Cando analizamos os termos máis relevantes no contexto espazo-xeográfico, en termos de frecuencia, no discurso de MPV comprobamos a relevancia que este código ten no discurso desta persoa. Isto amosa que os elementos xeográficos e espaciais teñen unha grande

repercusión na conformación simbólica da realidade galega. O discurso espacial e xeográfico é un dos máis obxectivos; é descritivo e adoita empregar nomes de lugares. Porén tamén inclúe elementos subxectivos na súa descrición. Por exemplo cando fala da “preciosa ría, que ornamenta y embellece, esos topónimos”.

MPV contrapón o “verdor” ou a beleza do monte ás penurias e a pobreza daquela época. Semella que o espazo convértese nun elemento simbólico que é quen de facer sobrepór á xente da fame e do sufrimento daquela época. O código espacial asenta entón un imaxinario da paisaxe galega que amais de configurar a identidade dos galego, semella que tamén é un elemento simbólico e case que sacramental na vida da poboación galega. Lémbrese que a paisaxe é vida e morte, é sustento económico e inquedanza por roubo.

Porén, e se nos cinguimos ao contido do texto, podemos afirmar que MPV codifica a paisaxe dende unha perspectiva bastante univocista. A paisaxe é o contexto no que se vive, pero semella que non é onde se sofre. Para MPV o contexto é o que cingue os seus pensamentos á galegitude, as súas lembranzas e á súa historia particular. Neste senso non podemos deixar de lado que estes escritos están feitos por un migrante que lembra a súa Galicia natal e polo tanto cabe certa posibilidade de ideación. Agora ben, precisamente por este feito é importante salientar que a paisaxe semella terse conformado para os galegos como código identitario e simbólico da propia galegitude.

Posiblemente non teña moito que ver, pero a época na que están datadas estas lembranzas que estamos a analizar coinciden co intre no que os líderes locais das parroquias de Figueroa, Guimarei e Ouzande apoiaron á burguesía emerxente para facer desaparecer a parroquia de San Paio de Figueroa, pasando a chamarse San Paio da Estrada e incorporando a esta nova entidade administrativo/relixiosa a porción urbana das parroquias de Guimarei e Ouzande (Fernández Castro, 2013). Neste sentido cabe a posibilidade que este feito histórico condicionase un chisco as lembranzas de MPV xa que podería terse dado o caso de estar en boca dos maiores ou da súa familia pero isto é só unha posible hipótese que habería que analizar.

Con independencia deste feito histórico sabemos que a paisaxe ten unha importancia enorme no imaxinario colectivo galego. O propio Carlos Baliñas fai unha interesante distinción cando, falando da Estrada, afirma o seguinte: “A primeira vez que o territorio desta zona se me volveu paisaxe...” (Baliñas 2012: 315). Baliñas, neste texto, considera que a relación afectiva do ser humano co medio natural pódese diferenciar entre a saudade (que semella que el a entende como a morriña), o sentimento ecolóxico (a percepción saudable e virxe dunha terra) e a converxencia entre a realidade física e o estado anímico.

No texto de MPV semella que non opera completamente a diferenciación de Baliñas. Posiblemente sexa porque a contorna que amosa MPV é un espazo xeográfico e non paisaxe. Non entraremos aquí. O que é evidente é que Porto Verdura non mantén unha relación netamente afectiva coa terra. O noso migrante expón, dun xeito descritivo, o entorno no que viviu. Amais diso tamén amosa certa morriña da paisaxe da que fala, xa que esta é considerada –en certo xeito– como virxe.

O sufrimento

TERMO	COINCIDENCIAS	PORCENTAXE
Muert(os -e)	3	0,05%
Mal (e derivados)	6	0,10%
Cansar (e derivados)	2	0,03%
Destruir (e derivados)	3	0,05%
Robar (e derivados)	3	0,05%
Bofetada	2	0,03%

Fonte: Elaboración propia.

Se nos cinguimos ás frecuencias dos termos (tokens) do texto analizado (análise lexical) podemos comprobar, dun xeito nítido, que as frecuencias dos termos referidos ao sufrimentos nos son habituais no texto de MPV. Porén, isto non quer dicir estritamente que a dor

non teña moita relevancia simbólica na narrativa do noso galego. Por mor diso cómpre ir cara unha análise hermenéutica da significación xeral da narración. O narrador amosa a miúdo historias de sufrimento, cando o mestre ensinaba, cando axudou na construción da súa casa, cando morreu unha nena da aldea, cando fala da súa aldea, cando fala da existencia de cuadrillas, etc.

O señor Verdura amosa unha Galicia insegura, na que a incerteza vital está á orde do día. “Los robos y asesinatos, la formación de cuadrillas de malhechores, que asaltaban los transeúntes, en caminos y descampados, proliferaban en la comarca”, afirma. Esta realidade foi tamén exposta con dureza, na novela *Gallego* de Miguel Barnet (García, 2006). Segundo o estudo de José Ismael Gutiérrez (1994) nesta obra Cuba era a utopía e Galicia era una realidade chea de sufrimento e dor. Curiosamente Barnet é un escritor cubano membro do partido comunista. Manuel Porto Verdura, como sabemos, emigró a Cuba e –aínda que non o dixemos– mantivo moita relación cos comunistas cubanos. Pero quen ten feito un traballo realmente documentado e interesante sobre esta temática é Xavier Castro (2007) quen amosa a violenta realidade galega. Cando nos topamos na narrativa de MPV coa descrición dunha bandoleira (ao estilo de Pepa a Loba, pero sen o compoñente positivo dela) quixemos contrastar esta información. Diana Fernández de la Torre permitiunos, dun xeito sinxelo, facer o devandito contraste ao nos informar que Manuela González Fojo, cando levaba mercadoría de Cuntis a, por exemplo, Vilagarcía, precisaba levar pistola xa que “saíanlle aos camiños” e era preciso ir ben gardado.

Voltemos ao texto de Porto Verdura. MPV expresa un tipo de enunciados con poucas, relativamente, referencias obxectivas. Alén da exposición dalgúns casos concretos amosados dun xeito xeral, a súas afirmacións son fondamente subxectivistas. A inseguranza da que fala o migrante semella operar coma un imaxinario en si propia e está correlacionada no texto coa falta de educación. Polo tanto, novamente semella que a carencia de educación –para el– traía consigo incerteza, pobreza e xeraba roubos e malfeitores. Paradoxalmente, como amosaremos máis adiante, a escola e o mestre é criticado duramente por MPV.

O galego-cubano identifica tamén sufrimento coa carencia de riquezas. Neste sentido repite un imaxinario económico con certas características amosadas previamente por Aitor Freán (2015: 261). Segundo el, “a ausencia dunha economía monetaria forte fai que os tesouros raramente se amosen en forma de moedas douro senón ao través de obxectos de carácter cotiá [...]”, algún deles poden ser arados, teares, vigas, tixeiras, etc.

A perspectiva de MPV ten certas semellanzas coa de Leonardo Da Jandra. Este último, aínda que tamén ten unha concepción tanatolóxica do mundo (Aragón 2016), non amosa esa realidade tan negativa do mundo da súa infancia. Algo que podemos comprobar no seguinte parágrafo:

Pasei a miña infancia obsesionado polo mar de Arousa, frío e mortal en inverno, balbordoso e refulxente no estío; sempre pródigo en exquisiteces marisqueiras e en homes con devezos de aventuras. Unha nenez plena de cheiros e sabores mariños, unha atmosferación de historias que reincidían de xeito inevitable na dupla potestade do mar: o daba todo, o quitaba todo. Foi así que fixen do mar a primeira personificación de aquel deus terrible e xusticeiro que recitábase no catecismo, e entregueime ao seu culto coa mesma entrega coa que inda o sigo facendo; suponse que en tais circunstancias a literatura sobre o mar debera ser complemento indispensable. Porén, a descuberta precoz e atormentada da filosofía alemá fixo que interiorizara a miña busca e aos quince anos, coa admiración perdida nas néboas do espírito, xa nin Verne nin Salgari tiveron opción algunha. (Da Jandra 2016)

De calquera xeito, a importancia do sentimento, da emoción e –por ende– do sufrimento para a codificación da vivencia dos galegos é innegable. Autores como Ramón Piñeiro, Torres Queiruga, Otero Pedrayo, Manuel Mandianes e moitos outros amosaron nos seus escritos, dun xeito ou outro, este feito. Porén a crueza exposta por MPV é salientable. Isto podería ser debido á ollada utopista de Cuba e, polo tanto, distopista de Galicia. Ou ben, pola contra, podería deberse a que esta era a realidade daquel tempo, duro e cru.

A familia

TERMO	COINCIDENCIAS	PORCENTAXE
Padre(s)	21	0,36%
Madre	16	0,27%
Hermana(s)	17	0,29%
Abuela/o(s)	12	0,20%
Primo/a	5	0,08%
Hermano(s)	2	0,03%

FONTE: Elaboración propia.

A estrutura familiar, nomeadamente o pai, a nai, as irmás e a avoa, teñen unha grande importancia nas lembranzas da infancia do MPV. Elas poden ser identificadas simbolicamente co conforto e coa seguranza. Cando Manuel Porto expón o accidente que tivo, no que nos di que quedou inconsciente, foi a súa nai a que opera como elemento estruturante do universo emocional. Así mesmo a avoa, “a compañeira de leito”, tamén é fundamental na estabilidade psíquica.

O pai opera dun xeito semellante ao do medio natural. É distante, xera certo medo e é misterioso, pero aporta o compoñente económico ou a seguranza físico. O elemento pai é polo tanto contradictorio. En troques o elemento nai é claro, fermoso, brillante. Di dela que ten “ollos de cor de mar” o que implica a incorporación do elemento simbólico do mar, tan importante no noso país.

Semella que, unha vez máis, cúmprese a idea de que as mulleres son as que estruturan a significación emocional da familia en Galicia. Semella, polo tanto, que existe un imaxinario simbólico da nai. Non estamos a falar do mito do suposto dominio da muller galega fronte ao home exposto fai tempo por Lisón Tolosana (1971) e mantido posteriormente na literatura por escritores coma Camilo José Cela, Emilia Pardo Bazán ou o propio Vicente Risco. Estamos a falar dos elementos imaxinarios emocionais da familia. Este feito queda conformado na incorporación de innumerables elementos subxectivos cando fala da nai ou da avoa. Agora ben, cando fala das irmás, aínda que estas teñen importancia discursiva, emprega

unha linguaxe obxectiva e descritiva. Polo tanto, os elementos irmás semellan ser compoñentes operativos con pouca significación simbólica.

Lembremos que Ramón Cabanillas afirmou hai tempo que Galicia é nai e tamén señora, que sempre é agarimosa e forte. A nai simbólica é a tradición, a lembranza a Mnemosyne helénica, a nai das Musas e –por ende– da creatividade. Polo tanto o alicerce psíquico semella estar na nai, non no pai.

Achamos que dende esta perspectiva o debate, de ter existido tal cousa, entre a existencia ou non do matriarcado en Galicia podería cobrar outro cariz diferente. A muller, nai ou avoa, semella ter unha importancia simbólico/emocional fundamental en Galicia. En determinadas zonas isto podería implicar tamén certo elemento económico cando era habitual a ausencia do home da casa, pero iso non quer dicir que esta situación sexa xeralizada. Non entanto isto non ten nada que ver coa significación da nai como elemento simbólico da oikos galega.

A escola

TERMO	COINCIDENCIAS	PORCENTAXE
Escuela(s)	19	0,33%
El Barbas	15	0,26%
Maestro(s)	14	0,24%
Alunno(s)	8	0,14%
El Bufandas	6	0,10%

FONTE: Elaboración propia

Cando nos introducimos nos meandros do texto de MPV podemos ollar que a temática da escola e o seu contexto, tivo unha grande pegada no “pequeno” Porto Verdura.

A significación discursiva é unha das máis paradoxais das que temos no texto. Ao falar da escola MPV cínguese ao edificio e ao profesor. Dos diferentes docentes dos que fala amosa que todos entenden a educación coma se fose un proceso con certo grao de violencia. O noso narrador asume que este tipo de educación é positiva:

Si bien sus fundamentos didácticos eran: la bofetada, la palmatoria y la vara de castaño, preciso era reconocer que, los resultados de tales procedimientos, eran, definitivamente óptimos y... positivos.

Cando fala dos principais profesores que houbo na escola sempre fai referencia a eles cos seus alcumes. Este feito pode indicar certas limitacións no prestixio que este home tiña fronte aos profesores. Dicimos isto xa que cando deixa de falar de “El Barbas” e fala de Don Francisco González Rego o fai para dicir este era “el hombre más preponderante de mi aldea natal.”

MPV fala de tres profesores. Todos eles teñen, segundo afirma o narrador, cartos. Semella que este elemento fai que MPV amose certa distancia ao respecto destes profesores. Do primeiro deles “El Barbas” afirma incluso que era “practicante de la usura”.

Os datos que amosa, cando di que só Terreboredó tiña escola non concorda coa seguinte afirmación:

En 10 Marzo de 1880 fué creada la escuela incompleta de Souto, hoy Escuela Nacional servida por un Maestro que actúa en Terreboredó.

En Montillón funcionan dos escuelas, una de niños y otra de niñas, que se deben al caballeroso y muy ilustrado hijo de dicho punto, D. Darío Caramés, Inspector Jefe de 1ª Enseñanza en Bilbao. (Varela 1923: 222)

Non importa demasiado a realidade da información contida nas páxinas escritas por MPV. O que nos interesa máis é tentar comprender como era que se sentía xente coma el naquela época da súa vida e neste contexto socio-xeográfico e socio-económico.


Pois ben, a escola non era un espazo considerado en positivo. De feito o primeiro mestre debeu ter unha pegada moi negativa en MPV xa que todas as consideracións negativas sobre a mesma están feitas nesta época. En troques, a nova escola, debeu ter unha impronta máis positiva. De facto, este mestre foi o que condicionou a incorporación de MPV ao seminario.

A narrativa sobre a escola está chea de elementos subxectivos. Posiblemente é unha das que máis. Xunto có código familia, o código escola é un dos máis subxectivos. En ámbolos dous casos a subxectividade está matizada pola inclusión de elementos obxectivos espaciais e xeográficos que os limitan.

	AUTOR [Univocidade]	TEXTO [Analoxicidade]	LECTOR [Equivocidade]
Espazo	7	2	2
Sufrimento	5	4	5
Familia	4	5	7
Escola	2	2	7

FONTE: Elaboración propia

GRÁFICO 2: Álgebra socio-hermenéutica multidimensional da narrativa de MPV.



FONTE: Elaboración propia.

Unha vez establecida a análise dos códigos que operan na narrativa de MPV somos quen de codificala e facer a gráfica (gráfico 2) que nos permite facer unha aproximación topolóxica do discurso. Deste xeito comprendemos que os catro códigos atopan un percorrer que vai lonxe do equilibrio entre o emocional/subxectivo e o racional/obxectivo. MPV fai un discurso fortemente subxectivo onde os imaxinarios económicos alicerzan un proceso simbólico de negación do outro –con cartos–. De aí a correlación entre o pai, o mestre e o diñeiro. A nai semella estar dentro do que poderíamos chamar como imaxinario estruturante. Nel o espazo xeográfico e a nai comparten trazos simbólicos. Por todo isto semella que o metacódigo a paisaxe/o cotián operan constantemente no discurso de MPV.

Conclusión

Poderíamos considerar que os catro elementos esenciais do discurso de MPV poderían estar presentes, dun xeito ou outro, nos imaxinarios do centro de Galicia e nos comezos do século XX. Porén tamén temos dito que o económico opera subxectivamente dun xeito moi forte aínda que a nivel pre-simbólico; xa que semella non conformar un elemento operativo nas lembranzas de Porto Verdura.

En último lugar somos conscientes que existe un elemento de incerteza e inseguridade que tamén ten unha enorme importancia. A inseguridade cumpre un papel enormemente destacado no imaxinario textual. Isto lévanos a coincidir—dende outra perspectiva—con Xavier Castro (2007) nalgúns dos datos amosados na súa obra. O sufrimento desta época opera como un elemento imaxinario que poucas veces ten sido analizado. Manuel Porto Verdura móstranos que no centro de Galicia estes elementos de inquiredanzas eran fundamentais.

Agradecementos

A Diana Fernández de la Torre e a Juan Andrés Fernández Castro por toda a axuda prestada, a confianza e o agarimo. Ao Museo Manuel Reimóndez Portela, unha fermosa xoia que temos en Galicia, por nos permitir levar a termo este traballo.

Referencias bibliográficas

- ARAGÓN, Milton (2016): “Comprender ao outro dende a paisaxe e o territorio un achegamento dende o pensamento de Leonardo Da Jandra”, *Cómaros. Revista Interdisciplinar de Pensamento Galego*, Vol. 1, Nº 1. Accesible en: <http://imagonautas.webs.uvigo.es/index.php/comaros/article/view/28/30>
- BALIÑAS, Carlos (2012): “A paisaxe da Estrada”, *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, Vol. 15, pax. 315-318.
- CABANILLAS, Ramón (2009): *Poesía galega completa*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.
- CASTRO, Xavier (2007): *Historia da vida cotiá en Galicia (Séculos XIX e XX)*, Nigra Trea, Vigo.
- COCA, Juan R. y VALERO MATAS, Jesús A. (2010): “Ciencia, sociedade y hermenéutica analóxica”, *Revista de Fomento Social*, Nº 260, Vol. 65, pax. 681-693.

- COCA, Juan R. (2014): “Artefactos, Ciborgs y Ciencias Urbanas: Estudio Socio-Hermenéutico Pluri-analógico de los Imaginarios Sociales Urbanos”, *Contexto. Revista de la Facultad de Arquitectura*, Vol. 9, N° 10, pax. 11-20.
- COCA, Juan R. (2016): “Principiando unha epistemoloxía galega con rostro socio-cultural. Camiñando con Otero Pedrayo, Manuel Marías e outros autores actuais”, *Cómaros. Revista Interdisciplinar de Pensamento Galego*, Vol. 1, N° 01. Accesible en: <http://imagonautas.webs.uvigo.es/index.php/comaros/article/view/27/29>
- DA JANDRA, Leonardo (2016): “Os meus dous mares”, *Cómaros. Revista Interdisciplinar de Pensamento Galego*, Vol. 1, N° 1. Accesible en: <http://imagonautas.webs.uvigo.es/index.php/comaros/article/view/26/28>
- FERNÁNDEZ CASTRO, Juan Andrés (2013): “As orixes da vila da Estrada. I. O factor xeográfico”, *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, Vol. 16, pax. 181-214.
- FREÁN CAMPO, Aitor (2015): “El Imaginario de la alteridad como fuente de conocimiento arqueológico e histórico. El caso del noroeste peninsular”, *Gallaecia*, Vol. 34, pax. 249-276.
- GARCÍA, Xosé Lois (2006): “La sociedad gallega a principios del siglo XX en la novela “Gallego” de Miguel Barnet”, *Rebelión*. Data: 28/09/2006. Accesible en: <http://www2.rebelion.org/noticia.php?id=38233>
- GUTIÉRREZ, José Ismael (1994): “Gallego” de Miguel Barnet: de la utopía frustrada al conformismo existencial”, *Quaderni-Iberoamericani*, Vol. 75, pax. 15-29.
- LISÓN TOLOSANA, Carmelo (1971): *Antropología cultural de Galicia*, Akal, Madrid.
- VARELA CASTRO, Pedro (1923): *La Estrada*, Tipografía de «El Eco de Santiago», Santiago.

Anexo documental

Transcripción de parte dos textos orixinais de Manuel Porto Verdura depositados no Museo Manuel Reimóndez Portela

Nací el nueve de agosto de 1909, en una aldea, pequeña y pobre, diez kilómetros al Sur de La Estrada, ciudad importante y centro administrativo del partido judicial, de ese nombre, en la provincia de Pontevedra. Cuatro aldeas, diseminadas, al sur y al norte del río Umia, forman la capellanía de San Andrés de Souto; y ésta, a su vez, hállase bajo la jurisdicción del opulente curato o parroquia rectoral, de san Miguel de Arca. Es así que, Terreboedo, mi aldea, Souto de Abajo, Souto de Arriba y Montillón de Arriba, integran la capellanía, de San Andrés.

Sólo quince casas, de matices diferentes, integraba la aldea de Terreboedo, dos kilómetros al norte, del cauce del río Umia. Este es, al parecer, una, poco caudalosa, lengua de agua que nace en las Fuentes de Liripio, en la parte noreste de Pontevedra. Corren sus aguas a través de los montes de Rivela y, por las faldas del pico Castro, frente a la aldea de Marcenlos, desciende al sur y, luego, al oeste, circunvalando las tierras del Valle del Umia. En el centro de ese valle, al norte del río, está mi aldea. Terreboedo.

Sólo unas tres casas, en el lugar de mi nacimiento, eran las dueñas y poseedoras de grandes lotes de tierras de labradío; de numerosas áreas de monte abierto; de prado, herbazales, huertos, frutales, pinares, pastizales.

Desde los tiempos antepasados, de las relaciones entre familias, surgieron los hechos, a que aludimos. Matrimonios formalizados, a nivel de intereses familiares, fueron la clave, la piedra fundamental, de que: numerosos lotes de tierras negras de las cuales rean dueños, pobres labriegos, pasaran a propiedad de labradores, adinerados. Los préstamos con usura e hipotecas, fueron las causales evidentes, de tales hechos. La hegemonía de esas casas, sobre la aldea, tuvo su origen en la formación de matrimonios con parentesco.

Mi madre era prima carnal de su esposo, que fue mi padre; años después, mi hermana Carmen, la mayor, contrajo matrimonio con su primo, un cantero brutalote, de mi aldea, hombre cerrero y brutal, pero rico, en tierras negras y numerario. Y, debido a esos hechos y a otros, ocurridos en pasadas eras, la casona de mis padres, poseía, notables, riquezas pingües. Pero, sin dudas, por razones de consanguinidad y parentesco entre ellos... los dos primeros niños de mi madre, en dos partes diferentes, nacieron muertos. No obstante, por ventura, a raíz del tercer parto, nació mi hermana mayor, saludable y vigorosa; tres años después, nacía mi hermana Herminia, tam-

bién, niña hermosa y rezogante. Tiempo después, fue mi turno, pero, a raíz de ese hecho, la autora de mis días estuvo al borde de la muerte.

Yo no era un feto vigoroso que debilitare las defensas orgánicas de mi madre; vine al mundo, con la efigie de un niño escuálido, moribundo, agonizante; de la aldea cercana, de Carballal, vino a verme un veterinario rural, el cual, recomendó a mi abuela, me diere, en alimentos, pequeñas dosis de leche, de cabra isleña. Así fue ahuyentada, la impertinente muerte que me acechaba.

No obstante, la fertilidad de las tierras, aledañas a mi aldea, ésta era un centro poblacional, pobre en su mayoría; un conglomerado humano, no mayor de cien personas moraban, en las quince residencias, construídas, de piedra y barro.

Dentro del sistema montañoso de Rivela Codeseda, Souto, Montillón y Arca, florece el pródigo valle, del Río Umia; todas las cuencas tributarias de esas cumbres, prodigan sus aguas a ese río; y, debido a esas circunstancias orográficas, cuando ya el Umia transborda las serranías del Arca, rumbo a Cambados, su cauce se ensancha, las aguas crugen, los remansos son profundos; y al desembocar sus aguas en la villa de Cambados, forma la preciosa ría, que ornamenta y embellece, esos topónimos.

En la parte oriental del valle, en la margen izquierda del río Umia, hallábase la parroquia de Codeseda. Las aldeas de Filgueiras, Marcenlos, Currelos, Las quintas, Xobrey, Fontentos y Abraham; y el propio Villorrio de Codeseda, integraban la gran parroquia, de ese rico curato. Un párroco y un coadjutor o capellán, administraban la congregación. Una feria quincenal, tenía lugar en el villorrio, centro nervioso además, de carreteras; de La Estrada a Forcarey, pasando por el lugar; de Pontevedra a Codeseda, centro operacional de la parroquia. No obstante, el estado social y económico de aquella, más que estático, era decadente y deficitario.

